


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
EDUCACIÓN MUSICAL  
CURSO 2021.22  
2º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe  
O MOSTEIRÓN

## ÍNDICE:

• 1.- Introducción	Páx.	2
• 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave	Páx	2
• 3.- Concreción para cada estándar: <ul style="list-style-type: none"><li>▪ Temporalización</li><li>▪ Grao mínimo de consecución para superar a materia</li><li>▪ Procedementos e instrumentos de avaliación</li></ul>	Páx	3
• 4.- Concrecións metodolóxicas	Páx	7
• 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizar	Páx	11
• 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación	Páx	11
• 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	Páx	12
• 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.	Páx	13
•		
• 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	Páx	13
• 10.- Medidas de atención á diversidade	Páx	14
• 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso	Páx	14
• 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .	Páx	15
• 13.- Actividades complementarias.	Páx	16

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A contribución ás competencias clave queda reflectida no cadro exposto no punto 3 desta programación didáctica.

### 3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

#### TEMPORALIZACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

<b>CURSO</b>	Música 2021-22		
<b>NIVEL</b>	2º PRIMARIA	<b>ÁREA</b>	Educación Musical (EM)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación	
<b>Bloque 1: Escoita</b>							
EM-B1.1	2º-EMB1.1.1 - Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	X			PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. .	CCEC CAA
EM-B1.1	2º-EMB1.1.2 - Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionario de resposta pechada. Observación directa. INSTRUMENTOS: Proba escrita. Rexistro anecdótico. .	CCEC
EM-B1.1	2º-EMB1.1.5 - Identifica voces masculinas, femininas e infantís.			X		PROCEDEMENTOS: Cuestionario de resposta pechada. INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CCEC

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN MUSICAL. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

EM-B1.2	2º-EMB1.2.1 - Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. .	CSC
EM-B1.3	2º-EMB1.3.1 - Coñece algunhas persoas compositoras e relacións coas súas obras.				X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais co alumnado. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico.	CCEC CAA
EM-B1.4	2º-EMB1.4.2 - Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CCEC
EM-B1.4	2º-EMB1.4.3 - Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC
EM-B1.5	2º-EMB1.5.1 - Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionario de resposta aberta. INSTRUMENTOS: Proba escrita.	CCEC CAA
EM-B1.5	2º-EMB1.5.2 - Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.		X			PROCEDEMENTOS: Observación directa. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. .	CCEC
EM-B1.6	2º-EMB1.6.1 - Recoñece	Recoñece e identifica algúns	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionario de resposta	CCEC

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN MUSICAL. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias.	instrumentos, e clasifícaos por familias.				aberta.  INSTRUMENTOS: Proba escrita.	
<b>Bloque 2: Interpretación musical</b>							
EM-B2.1	2º-EMB2.1.1 - Repite esquemas rítmicos escoitados.	Repite esquemas rítmicos escoitados.	X			PROCEDEMENTOS: Observación directa.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. .	CMCT CCEC
EM-B2.1	2º-EMB2.1.2 - Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CSC CAA
EM-B2.2	2º-EMB2.2.1 - Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa frauta e dos instrumentos da aula.			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa.  INSTRUMENTOS: Proba individual oral. .	CCEC CAA
EM-B2.3	2º-EMB2.3.1 - Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. .	CCEC CSC
EM-B2.3	2º-EMB2.3.2 - Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.				X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. .  INSTRUMENTOS: Proba individual.	CCEC CAA
EM-B2.3	2º-EMB2.3.4 - Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC CAA CMCT
EM-B2.4	2º-EMB2.4.2 - Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos			X		PROCEDEMENTOS: Observación directa.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. .	CCEC
EM-B2.4	2º-EMB2.4.3 - Le e crea		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Cuestionario de resposta	CCEC

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EDUCACIÓN MUSICAL. 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**  
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.					aberta. . Análise das producións dos alumnos/as  INSTRUMENTOS: Proba escrita. Caderno de clase.	CAA CMCT
<b>Bloque 3: A música o movemento e a danza</b>							
EM-B3.1	2º-EMB3.1.1 - Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación directa. . Gravacións e análise  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico. . Gravación e análise.	CCEC CSC
EM-B3.2	2º-EMB3.2.1 - Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC
EM-B3.2	2º-EMB3.2.2 - Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música.		X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCEC

## 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía aplicada será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Dirixida ó logro dos obxectivos e das competencias clave, co neno/a no centro do proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais fomentarase o co-aprendizaxe e o aspecto lúdico como un fin en si mesmo. Destacamos a importancia de establecer zonas de desenvolvemento próximo (Vigotsky), construír aprendizaxes significativas (aprendizaxe construtiva) e construír produtos de aprendizaxe (co deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ó alumno avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ó mesmo tempo).

Porase un especial foco non só na competencia en conciencia e expresións culturais, máis intimamente relacionada coa área de educación artística, senón tamén coa de aprender a aprender e a competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor; entendendo a materia de educación musical coma un elemento excepcional para o desenvolvemento integral do alumnado.

Organización do tempo e do espazo.

Debido á idade e madurez do alumnado, este xa é capaz de afrontar unidades didácticas de certa duración, de modo que estas constarán de unha, dúas ou tres sesións, sendo susceptibles de seren acortadas ou ampliadas atendendo ao rendemento do alumnado e as súas necesidades.

Como norma xeral, tódalas unidades didácticas comezan con actividades de motivación, presentando un centro de interese, e de aí pásase a unha actividade de avaliación inicial. Estas dúas, forman a fase de preparación, e a partires de aí pásase á fase de desenvolvemento, que son moi variadas debido á amplitude dos contidos da área. Para rematar cada unidade cunha serie de actividades de avaliación baseadas na observación directa e na posta en práctica dos contidos traballados, que serve para que o alumnado e o profesorado saiba se se alcanzaron as metas previstas e o que se pode mellorar.

Os bloques de contidos trátanse globalmente en tódalas unidades didácticas, aínda que hai algunhas máis especializadas na escoita, outras na interpretación musical e outras en música, movemento e danza. Respecto ao desenvolvemento das calidades dos sons, a secuenciación comeza por unidades didácticas con maior sentido rítmico (duración). Gradualmente, o centro de interese pasa á melodía (altura e intensidade), e remátase con outros aspectos musicais como os instrumentos (timbre) e a forma. A linguaxe musical, pola súa parte,



trátase progresivamente en tódalas unidades.

No tocante á distribución do espazo, as sesións impartiranse na de música gardando a distancia de seguridade e coas cadeiras ocupando todo o espazo dispoñible na aula para garantir a maior distancia. A aula será ventilada (ventilación cruzada) e desinfectada antes e despois de cada sesión.

O principal recurso utilizado será a voz, coidado de non proxectala, de empregar sempre a máscara, e de manter a distancia precisa. Tamén xogará un papel importante o propio corpo, con todas as súas posibilidades de expresión e comunicación. Estas posibilidades poténcianse mediante actividades de exploración sonora e de descubrimento das posibilidades expresivas do movemento e a danza, sempre de xeito individual ou con coreografías sen contacto ou co menor contacto posible (o alumnado deberá desinfectar as máscaras ao acceder a aula antes de cada sesión).

De ser o caso, cando se traballe con instrumentos de vento gardarase unha distancia mínima de tres metros co resto do alumnado (que deberá permanecer coa máscara posta) e mantendo a porta e ventás abertas asegurando unha ventilación cruzada continua da aula. Na medida do posible, e sempre que a meteoroloxía o permita, ditas actividades procurarase desenvolverlas no patio, ao aire libre e con distancia de tres metros entre os alumnos e alumnas.

Principios metodolóxicos.

Tal e como se recolle no artigo 15.1 do D105/2014: *“poñerese énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.”*

Partindo de esas premisas, para a elaboración desta programación empregáronse os seguintes principios metodolóxicos:

- A actividade. Este enfoque supón que as cousas apréndense facéndoas. Polo tanto, é necesario vivenciar a través de actividades os contidos da materia.
- Aprendizaxe significativa. Enlaza co anterior, e supón que para que un contido se interiorice debe ter relevancia e continuidade. Implica que se debe partir dunha base, e empregar o aprendido para a consecución dun obxectivo, como pasa por exemplo na execución instrumental, na lectura musical, na audición activa, nas composicións propias ou na construción de instrumentos.
- A unidade de teoría e práctica. É unha extensión dos anteriores. O coñecemento non só

hai que adquirilo, hai que saber empregalo. Para eso propóñense numerosas actividades en cada sesión que desenvolven os distintos conceptos tratados, como por exemplo a vivenciación do ritmo a través do corpo, ou os cambios de compás a través do baile. Tamén implica unha actitude reflexiva e crítica, que obrigue a valorar e analizar as actividades e a consecución dos obxectivos.

- Partir do desenvolvemento previo do alumnado. É de vital importancia saber de onde se parte para saber a onde se pode chegar. Por iso todas as unidades comencan por actividades de avaliación inicial.
- A atención personalizada. Hai que ter en conta as características e capacidades individuais de cada discente na súa triple dimensión (afectiva, cognitiva e física) dentro das limitacións propias do profesorado. Isto é de vital importancia á hora de atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- A socialización. As actividades de execución colectiva son básicas para potenciar a competencia social e cívica, e tamén relacionan ó alumnado co seu entorno.
- A creatividade. Enlaza directamente coa competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Para desenvolve-la propóñense actividades de creación rítmica, melódica e de baile e movemento. Tamén mediante a improvisación instrumental ou vocal.
- A motivación. De modo xeral, a primeira actividade de cada unidade didáctica propón un centro de interese, que centre a atención e que marca uns obxectivos.
- A globalidade e a interdisciplinariedade. Procurouse a integración das distintas experiencias do alumnado, dos diversos contidos e a interacción entre as disciplinas do currículo. Exemplos deste enfoque son as relacións coas linguas a través da letra das cancións, coas matemáticas a través das figuras rítmicas e o compás, coas ciencias a través dalgunhas obras e as relacións físicas dos instrumentos coas súas propiedades, e coa educación física a través do movemento.
- A educación en valores. Trabállase en tódalas actividades a través do respecto ás normas de convivencia, á igualdade efectiva de xénero, fomento da equidade, a non discriminación, o desenvolvemento sostible, a valoración da pluralidade como fonte de enriquecemento e a prevención do uso de calquera tipo de violencia, con especial coidado do terrorismo e a violencia de xénero. Estas normas son básicas, e como parte do currículo han de ser valoradas e avaliadas. Ademais tamén se desenvolverán actividades concretas para tratar estes temas mediante cancións.
- A relación co entorno sociocultural. Este punto é moi importante en música, xa que pon ao alumnado en contacto coa súa cultura e co resto do mundo. Mediante as actividades propostas, acércase aos discentes á cultura galega, española e mundial, percibindo e

valorando ás súas características propias e diferenciadoras, mediante actividades de escoita, de interpretación e de baile.

Métodos didácticos.

A metodoloxía didáctica empregada é, de acordo ó artigo 15.2 do D.105/2014, comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Deste modo, a acción educativa está encamiñada á integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e ten en conta as súas características diferenciais, como distintos intereses ou ritmos de aprendizaxe, promovendo sempre a capacidade de aprender por si mesmo e o traballo colaborativo en equipo. Partindo destas premisas, empregaranse varios métodos didácticos para desenvolver esta programación.

- **Método de proxectos.** Parte dun centro de interese, a través do cal se formula un obxectivo a alcanzar. Os diferentes elementos dun proxecto van a permitir unha indagación ou investigación axudando ao alumnado a comprender e interpretar a realidade, ademais de contribuír a que participe no seu propio proceso de aprendizaxe e teña en conta as opinións dos demais como facilitadoras da aprendizaxe. Este método empregarase na investigación sobre o folclore galego, sobre algúns autores das audicións.
- **Aprendizaxe por descubrimento.** Supón que o contido principal a aprender non se dá, hai que descubri-lo. Este método é útil para presentar un problema, e que o alumnado pense nunha posible solución. Sobre ela, sacarán conclusións, e corruxarán esta solución orixinal ou buscarán outra nova. Empregarase nas improvisacións melódicas, nas improvisacións e na construción de instrumentos.

Ademais destas metodoloxías xerais, tamén se empregarán as seguintes específicas en canto á ensinanza da música:

- **Metodoloxía Orff-Wuytack.** Aplicarase de modo xeral á ensinanza de instrumentos escolares de percusión e a frauta doce; á ensinanza, improvisación e lectura de ritmos mediante sílabas rítmicas ou instrumentos de percusión indeterminada; á improvisación melódica sobre escalas pentatónicas; e tamén para o baile e o seguimento de audicións mediante musicogramas.
- **Metodoloxía Dalcroze.** Emprégase a *Eurrítmia* para desenvolver a capacidade rítmica, para sentir os diversos compoñentes do ritmo a través do propio corpo e do seu movemento.
- **Metodoloxía Kodaly.** Principalmente a través do folclore popular, neste caso galego.
- **Metodoloxía Willems.** Aplícase ás actividades de audición activa, sobre todo de obxectos sonoros, para a discriminación das cualidades básicas do son e tamén as marchas.

- **Actividade lectiva presencial.**

As clases impartiranse na aula de música respectando todas as indicacións do protocolo Covid19 achegado pola Consellería de Educación. A práctica instrumental quedará limitada a sesións puntuais (porase especial atención á desinfección dos instrumentos e da aula que será ventilada de xeito cruzado durante toda a sesión e desinfectada antes e despois). Procurarase minimizar o contacto físico, polo que os bailes, danzas e actividade de expresión corporal e dramatización que se leven a cabo terán carácter individual ou procurarán o menor contacto posible.

- **Actividade lectiva semipresencial.**

Dado que a materia de educación musical consta dunha única hora á semana, faráselle chegar aos alumnos que teñan que permanecer en corentena na súa casa un resumo e explicación dos contidos traballados na clase a través das plataformas dispostas para tal efecto (aula virtual), estarase aberto a facer tele titorías para aclarar dúbidas a través da plataforma webex, no caso de ser precisas.

- **Actividade lectiva a distancia.**

No caso de confinamento da clase completa respectarase o horario espello con clases online e aportaranse as explicacións precisas e actividades enfocadas a traballar os contidos de xeito semanal a través da aula virtual. Así meso, atenderanse as demandas ou necesidades de atención individual coma as dúbidas que poidan xurdir a través de titorías puntuais a través da plataforma webex.

## 5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Como recursos materiais, empréganse principalmente os instrumentos de percusión Orff que se empregarán moi puntualmente na aula de música. Serán fundamentais os medios de reprodución audiovisual e os materiais impresos. Así mesmo empregaremos o teclado da aula e diversos instrumentos aportados polo mestre (zanfona, acordeón, gaita...)

Non se empregará libro de texto. O alumnado, a excepción de primeiro de primaria que traballara con pizarras borrables da aula de música, debe traer un caderno de música “Combi 4”

## 6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Como se pode comprobar na táboa do apartado 3, a avaliación farase a partir de tres ferramentas de avaliación:

- A proba escrita trimestral: enfocada a avaliar a adquisicións de aqueles contidos de carácter conceptual, e que terá un peso dun 50% da nota.
- A revisión do traballo feito na clase (caderno, portfolio, etc.): que irá enfocada a avaliación de aqueles contidos máis procedimentais, e que se reflectirá no anecdotario e que terá un peso do 30% da nota
- A observación directa na aula: orientada a avaliar aqueles elementos máis actitudinais do currículo e que terá un peso do 20% da nota.

Compre destacar que estas tres ferramentas non son estancas nin excluintes, de tal xeito que o desenvolvemento do alumnado en contidos dos tres tipos reflíctense en todas as probas de avaliación.

Requisitos de promoción.

1º Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

## 7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	INDICADORES DE LOGRO	0	1	2	3	4
<b>Preparación da clase e dos materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD					
	Existe unha distribución temporal equilibrada.					
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.					
<b>Utilización dunha</b>	Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).					

<b>metodoloxía adecuada</b>	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.						
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos alumnos.						
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.						
	Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.						
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.						
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.						
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.						
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: • Aos alumnos. • Ás familias.						
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.						
	Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de						
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.						
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.						

<b>ESCALA DE VALORACIÓN</b>	Inadecuado	<b>0</b>	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
	Insuficiente	<b>1</b>	Omítense elementos fundamentais do indicador
	Básico	<b>2</b>	Cumprimento suficiente do indicador
	Competente	<b>3</b>	Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
	Excelente	<b>4</b>	Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

Porase un especial coidado e atención en aqueles contidos que presentan un grao baixo de adquisición na avaliación inicial, así como en aqueles que se detecte nas probas escritas. Tendo en conta o carácter intradisciplinar dos contidos da área, que son retomados constantemente, se se dera o caso, tratarase de retomar ditos contidos nas seguintes sesións e unidades didácticas a través de actividades de recuperación e reforzo que permitan un traballo a diferentes niveis e procurárase traballar de xeito mais persoal e directo con aqueles alumnos/as

que presenten maior dificultade, e polo tanto precisen una maior atención. En caso de ser preciso traballarase aqueles contidos que inda así non queden ben adquiridos a través de diferente material de reforzo como fichas individuais.

Compre sinalar que ante a aparición dunha dificultade ante un contido é preciso procurar a achega do/a alumno/a que presenta esta dificultade ao novo contido a través de metodoloxías diferentes (Dalcoze, Orff, Kodally, etc.) e empregando diferentes recursos (canto, expresión instrumental, percusión ou vivencia a partir do propio corpo, linguaxe musical, etc.)

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Durante a primeira semana do curso realizaranse actividades orais que permitan valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Isto servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo.

Así mesmo farase unha breve proba escrita cos contidos mais básicos da materia co fin de determinar cales destes precisarán unha maior dedicación e a que alumnos/as haberá que prestar maior atención en que momento e contido.

Os resultados obtidos anotaranse no rexistro do caderno do mestre para ser tidos en conta a hora de dar os diferentes contidos ao longo do curso.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Serán as seguintes:

- Realización dunha boa valoración inicial do alumnado a múltiples niveles e mediante distintas vías de información.
- Ter en conta os distintos niveis para programar contidos e actividades.
- Unha metodoloxía adaptada aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Materiais de apoio e reforzo.
- No caso de adaptación curricular seguiranse as medidas e indicacións aportadas polo Departamento de Orientación.

Porase un especial coidado e atención en aqueles contidos que presentan un grado baixo de adquisición na avaliación inicial, así como en aqueles que se detecte nas probas escritas. Dado o

carácter intradisciplinar dos contidos da área, que son retomados constantemente, de se dar o caso de precisar reforzalos tratarase de retomar ditos contidos nas seguintes sesións e unidades didácticas. En caso de ser preciso traballaranse aqueles contidos que inda así non queden ben adquiridos a través de diferente material de reforzo como fichas e explicacións individuais.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Tal e como se recolle no artigo 11 do D.105/2014, débense tratar os seguintes aspectos de maneira transversal:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita. O seu tratamento é claro a través da lectura, memorización e entoación de cancións, musicalización de textos, e busca de información sobre autores, épocas ou estilos musicais.
- Comunicación audiovisual, TICs e os riscos da súa utilización. Está presente outra vez a través da procura de información, e tamén a través dos medios de gravación e edición de son e imaxe e a súa publicación. Sempre que se utilicen tecnoloxías que impliquen o acceso ou manipulación de contidos, xa sexa en internet ou en outros medios, farase fincapé na prevención e nos riscos que existen e que se deben evitar.
- Educación cívica e constitucional. Fomentarse a través da convivencia diaria, respectando sempre os dereitos e liberdades dos demais, promovendo a adopción doutros puntos de vista e a valoración de opinións ou posturas distintas á propia.
- O emprendemento. As actividades que implican a creación ou a improvisación son claves para desenvolver este apartado. Tamén se pode impulsar mediante a participación no deseño das actividades da aula ou coa toma democrática de decisións.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero. O ambiente é fundamental, e nunca se dividirá ó alumnado por razóns de sexo, nin será esta unha razón para distribuír a realización das distintas tarefas. As letras das cancións escollidas non serán sexistas e ademais coidarase que a música que o alumnado escoite sexa respectuosa, inculcando este valor dunha forma natural.
- Non discriminación por calquera condición. O tratamento deste punto é similar ao anterior, e é de vital importancia xa que cada vez máis a interculturalidade é un feito cotiá.
- Resolución pacífica de conflitos e prevención de calquera forma de violencia. A propia actitude do mestre é moi importante, e mostrarase sempre unha perspectiva construtiva para solucionar os conflitos, propoñendo saídas o máis xustas posibles para todos. Tamén se intentará favorecer unha perspectiva crítica do alumnado fronte aos problemas de convivencia cotiás, de modo que pouco a pouco sexa capaz de resolvelos pola súa conta.
- Desenvolvemento sostible e o medio ambiente. A adopción de hábitos de consumo sostible alcánzase a través da realización de actividades como a construción de



instrumentos a partir de materiais de refugallo, ou a reparación de instrumentos danados, ademais da toma de conciencia das consecuencias que ten unha actitude consumista no medio ambiente.

- A seguridade viaria. O mestre favorecerá o respecto polas normas de circulación como outras máis necesarias para a convivencia e para a seguridade propia e allea. De maneira específica traballarase a través de exercicios de movemento libre ou guiado nos que haxa que coñecer e respectar normas como a prioridade de paso ou os semáforo

## 12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimento da temporalización
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliacións.

Unha vez analizados estes indicadores (ver cadro do punto7), realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

## 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como actividades complementarias celebraranse as conmemoracións marcadas no calendario escolar (Orden de 19 de mayo de 2021) mediante a participación a través de actividades musicais (cancións, interpretación instrumental de cancións, danzas etc...); así como noutras celebracións coma o magosto, o Samaín-Halloween, o entroido...

Ademais, tentarase asistir, na medida que a situación Covid19 o permita e sempre e cando sexan programadas de forma segura, a algunha actividade musical, sempre dependendo da oferta cultural do momento e das posibilidades do centro.

